

Autoría: Xornal "El Nacional"  
Fuente Original: <https://goo.gl/E5YzmS>  
Fecha de Publicación: 29 de xaneiro de 2018

## **UN EXLETRADO DO TC: "AQUÍ A CONSTITUCIÓN NON A CUMPLE NIN O TC"**

O ex letrado do Tribunal Constitucional e profesor de Dereito Constitucional na Universidade de Sevilla Joaquín Urías mostrouse indignado este luns coa resposta do TC ao recurso do goberno español pola investidura do presidente Carles Puigdemont. "A vitoria maior do movemento independentista é que está a amosar que aquí a Constitución non a cumpre nin o TC", exclamou.

Urías refírese así ao feito de que o TC decidise o sábado pasado por unanimidade suspender de xeito cautelar o pleno de investidura de Carles Puigdemont, previsto para esta terceira feira, a non ser que o candidato acuda persoalmente á Cámara, polo que precisaría obter previamente a "autorización do xuíz". Unha autorización que o presidente aínda non tería pedido. Porén, o pleno segue en pé e con Puigdemont coma candidato.

Nun fío de Twitter en cinco mensaxes, Urías asegurou que as primeiras reaccións dos xuristas "máis unionistas" foron criticar a decisión, pero que hoxe "xa saen xuristas a defendela". "Estamos asistindo-da man do TC- ao nacemento do "dereito constitucional do inimigo", asegurou, e engadíu que "a idea é que perante quen desafía ao Estado non rexen as normas estatais e pódese facer calquera acción que o free politicamente. Aínda que sexa inconstitucional".

Amais, láíase de que actualmente" os xuíces non respectan a xustiza e moitos xuristas non cren no dereito"




"As primeiras reaccións dos xuristas máis unionistas perante o acordo do TC foi de estupor porque se saltaba as súas propias normas, inventando outras imposíbeis. Hoxe xa toca defendelo: politicamente impón unha solución que gusta, así que dá igual como o faga. Moi triste" 29/01/2018





"Eu creo que a investidura a distancia é ilegal. Vai contra o espírito de como debe ser ese acto. Pero o TC non pode evitala ditando ordes ao Parlament que se tira da manga e son anticonstitucionais. Non

Autoría: Xornal "El Nacional"  
Fuente Original: <https://goo.gl/E5YzmS>  
Fecha de Publicación: 29 de xaneiro de 2018

cabe unha resposta inconstitucional para protexer a Constitución." 29/01/2018

 "Hoxe xa saen xuristas a defender a decisión do TC: Todos usan argumentos políticos. Veñen a dicir que aplicarlle o dereito vixente a Puigdemont é absurdo, xa que el mesmo se revelou contra a Constitución. Un exemplo (entre moitos) aquí: <https://t.co/RAjWcNZeZp>"

 "Estamos asistindo- da man do TC- ao nacemento do "dereito constitucional do inimigo". A idea é que perante quen desafia ao Estado non rexen as normas estatais e pódese facer calquera acción que o free politicamente. Aínda que sexa inconstitucional".

 "A maior vitoria do movemento independentista é que está a amosar que aquí a Constitución non a cumpre nin o TC. Os xuíces non respectan a xustiza e moitos xuristas non cren no dereito"

Urías xa avisou nunha entrevista a El Nacional que se o TC admitía o recurso permitiría un "fraude de lei" e consideraba o recurso do goberno español "profundamente infundado".